

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE PROPOSTAS A INCLUIR NOS ORZAMENTOS DE 2023

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como norma xeral os orzamentos municipais, deberían presentarse ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, antes do 31 de decembro do ano anterior. É por isto que, os traballos de elaboración e entrega de documentación á oposición deberían comezar durante o último trimestre do ano. Sendo esta a última sesión plenaria do exercicio e sabedores de que por parte do equipo de goberno se están recollendo propostas para confección do orzamento de 2023, desde Via Alfoz queremos facer a nosa parte do traballo como oposición e transmitir a nosas propostas antes da elaboración do borrador dos mesmos, coñecedores de que, durante este lexislatura, non foron atendidas ningunha das emendas aos orzamentos presentadas por este Grupo Municipal.

Como primeira consideración, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz, propónse modificar a Ordenanza Reguladora do IBI, coa intención de reducir o recibo da contribución. Actualmente os tipos de gravame establecidos para os bens inmobles de natureza urbana son do 0,56 %, opara os bens inmobles de natureza rústica do 0,6 % e para os bens inmobles de características especiais do 1,30 %.

De todos é sabido que, coa subida dos recibos do IBI e co cobro dos atrasos, a recadación das arcas municipais aumentou considerablemente o que permitiu, en gran medida, amortizar a débeda municipal do concello de Alfoz. Así, desde Via Alfoz consideramos que é de xustiza que, se a veciñanza de Alfoz, a través do aumento dos seus impostos, axudou a pagar a débeda municipal, debemos compensalos reducíndolle na medida do posible os seus recibos do IBI, máis se cadra no actual contexto económico.

Como segunda consideración, desde o Grupo Municipal de Via Alfoz, propónse a inclusión dunha partida no capítulo de investimentos para a redacción dun Plan Especial para crear Solo Urbanizado con destino de Uso Industrial.

Desde Via Alfoz consideramos máis que nunca necesaria a delimitación de Solo Urbanizado con destino de Uso Industrial, sobre todo tendo en conta que a ambición do goberno local por redactar un PXOM desvaneceu e, na actualidade, estase a redactar

por parte da Xunta de Galicia un Plan Básico Municipal, o cal non desenvolverá o correspondente solo industrial, tan necesario para o desenvolvemento do noso tecido empresarial local.

Finalmente, á vista de que unha vez aprobada a proposta de orzamentos se desoan as emendas presentadas pola oposición, solicitamos que o equipo de goberno elabore e entregue un borrador aos concelleiros da oposición coa suficiente antelación para o seu estudo, de forma que se poidan achegar propostas e modificacións antes de ser presentado ao Pleno para a súa aprobación.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes

ACORDOS:

1. Modificar a Ordenanza Reguladora do IBI, coa intención de reducir o recibo da contribución, mediante unha baixada impositiva dos tipos de gravame de cara a fixar de forma progresiva os mínimos establecidos legalmente, propoñendo, para o exercicio 2023 unha baixada inicial que fixe o gravame para os bens inmobles de natureza urbana e de natureza rústica no 0,5%.
2. Consignar unha partida no capítulo de investimentos para a redacción dun Plan Especial para crear Solo Urbanizado con destino de Uso Industrial.
3. Que o equipo de goberno entregue aos concelleiros da oposición un borrador dos orzamentos cunha antelación suficiente para o seu estudo, antes de ser presentado ao Pleno para a súa aprobación.

En Alfoz, a 22 de novembro de 2022



Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de Via Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz